# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2022/2023

# INGLÉS 2ºESO e 4ºESO

**Xefa de Departamento: Mª Isabel Pena Bonome**

# ÍNDICE DE CONTIDOS


A) INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN - 4

B) CONTRIBUCIÓN Ó LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE - 4

C) OBXECTIVOS - 7

D) CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES – 8

D.1) TEMPORALIZACIÓN - 37

D.2) GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA - 39

D. 2.1) TÁBOA DE CONSULTA DE NIVEIS DE ADQUISICIÓN - 43

D.2.2) MÍNIMOS ESIXIBLES - 49

D.3) PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN - 51

D.3.1) DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR - 52

E) METODOLOXÍA DIDÁCTICA - 53

F) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS - 54

F.1) MATERIAIS PARA 1º, 2º, 3º E 4º ESO - 55

F.2) OUTROS MATERIAIS COMÚNS A TODOS OS GRUPOS - 57

G) CRITERIOS DE AVALIACIÓN – 57

G.1) CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN 2º ESO - 57

G.2) CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN 4º ESO - 58

H) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN - 59

H.1) CRITERIOS DE PROMOCIÓN - 60

I) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR PROCESO DO ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE - 60

J) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE - 60

K) CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS A TRABALLAR - 62

K.1) VALORES PARA 2º ESO - 62

K.2) VALORES PARA 4º ESO - 64

L) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES - 67

M) MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA - 68

N) ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTOR LECTOR, AO PLAN TIC E AO PLAN DE CONVIVENCIA- 69

N.1) PROXECTO LECTOR -69

N.2) PLAN TIC -70

N.3) PLAN DE CONVIVENCIA - 71

Ñ) CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS - 71

O) INCORPORACIÓN DE MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NA MEMORIA CURSO ANTERIOR- 72

P) TRATAMENTO LINGÜÍSTICO DA MATERIA DE INGLÉS - 72

## A) INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.-

A Programación da materia de inglés para o curso 2022/23 non sofre, en principio, grandes variacións con respecto á do ano pasado exceptuando o feito de que desaparece a Avaliación Extraordinaria de setembro co conseguinte cambio na temporalización.
Como novidade o centro conta ca plataforma EDIXGAL, e cambianse os libros dos anos anteriores por outros libros en formato dixital.
Na actualidade, o Departamento de inglés ten unha carga de 9 horas, en 3 grupos da ESO, un de 2º, un de 3º e un de 4º con tres horas de docencia cada un.
O único docente que ten asignado este Departamento é a profesora dona Mª Isabel Pena Bonome, Xefa do Departamento.
O c.p.i. de Cervantes está situado en san Román de Cervantes no Concello de Cervantes pertencente á provincia de Lugo. E o único colexio da zona.
O alumnado é maioritariamente rural pola súa situación xeográfica, e reside en multitude de aldeas de media-alta montaña na que o medio de vida preferente encadrase dentro da gandería e a agricultura.
O galego é a lingua nai, utilizada na maior parte das familias.
Como consecuencia deste entorno social, a situación económica da maior parte das familias pode considerarse medio-baixa, atendendo ós valores medios establecidos a nivel nacional.

## REFERENCIAS NORMATIVAS

¬ Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

¬ Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

¬ Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).

¬ Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

¬ Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

¬ Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

¬ Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

_ RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desemvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/2022.

## B) CONTRIBUCIÓN Ó LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.-

### Competencias clave e a súa descrición

As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía como condición indispensábel para lograr que os individuos acaden un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posíbel o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento.
As competencias clave son esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a

innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.
A proposta de aprendizaxe por competencias favorecerá, xa que logo, a vinculación entre a formación e o desenvolvemento profesional e ademais facilita a mobilidade de estudantes e profesionais.
As competencias clave no Sistema Educativo Español son as seguintes:
1. Comunicación lingüística
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
3. Competencia dixital
4. Aprender a aprender
5. Competencias sociais e cívicas
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
7. Conciencia e expresións culturais

En cada materia inclúense referencias explícitas arredor da súa achega a aquelas competencias clave ás que se orienta en maior medida. Doutra banda, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o grao progresivo de adquisición.

**1. Competencia en comunicación lingüística**

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.
Con distinto nivel de dominio e formalización -especialmente en lingua escrita-, esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgunhas delas e, con iso, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Así mesmo, favorécese o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.
En resumo, para o axeitado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:
- O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica (a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua).
- O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa axeitada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
- O compoñente socio-cultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- O compoñente estratéxico permite ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.
- O compoñente persoal que intervén na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

**2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.
Esta competencia require de coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.
O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos.
Trátase da importancia das matemáticas no mundo e empregar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicalos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida.
A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade.
Así pois, para o acaído desenvolvemento da competencia matemática cómpre abordar catro áreas relativas aos

números, a álxebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas a través da cantidade, o espazo e a forma, o cambio e as relacións, e a incerteza e os datos.
As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que subministran un achegamento ao mundo físico e á interacción responsábel con el para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a cidadáns/ás responsábeis e respectuosos/as que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar para identificar, suscitar e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.
Para o axeitado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resultan necesarios coñecementos científicos relativos á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía. Así mesmo, han fomentarse as destrezas para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, e utilizar datos e procesos científicos para acadar un obxectivo.
Han incluírse actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais e ás cuestións medioambientais e á adopción dunha actitude adecuada para acadar unha vida física e mental saudábel nunha contorna natural e social.
Os ámbitos que deben abordarse para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos.
Para rematar, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require a formación e práctica na investigación científica e a comunicación da ciencia.

**3.Competencia dixital**

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e se comunicar.
Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñíbel, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.
Para o axeitado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación da mesma, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos como técnicos.

**4. Aprender a aprender**

Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo aos propios obxectivos e necesidades.
Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de autoavaliarse, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual, todo o cal chega a desenvolverse a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

**5. Competencias sociais e cívicas**

Estas competencias implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.
En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dun xeito construtivo en distintas contornas sociais e culturais, amosar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.
Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo/a e a integridade e honestidade.
A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e

dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional.
As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e amosar comprensión e respecto dos valores compartidos que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.
Xa que logo, para o axeitado desenvolvemento destas competencias cómpre comprender o mundo no que se vive, en todos os seus aspectos sociais, culturais e humanos. Mais tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

**6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarias con criterio propio, co fin de acadar o obxectivo previsto.
A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.
Entre os coñecementos que require a competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.
Para o axeitado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade pro-activa para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e para rematar, o sentido crítico e da responsabilidade.

**7. Conciencia e expresións culturais**

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.
Incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilizalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica asemade manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras comunidades.
Xa que logo, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes como doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.
Para o axeitado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de cara á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, goce e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade en que se vive; e para rematar, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

## C) OBXECTIVOS.-

O obxecto da materia na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria é a aprendizaxe das destrezas discursivas que poden ter lugar en ámbitos diversos. Ao finalizar a Educación Primaria, os alumnos e as alumnas han de ser capaces de utilizar a lingua estranxeira para expresarse e interactuar oralmente e por escrito en situacións sinxelas e habituais. En Educación Secundaria Obrigatoria continúase o proceso de aprendizaxe da Lingua Estranxeira, co obxectivo de que ao finalizar esta etapa consolidaran as destrezas produtivas e sexa capaces de manter unha interacción e facerse entender nun conxunto de situacións, como ofrecer e pedir explicacións persoais nun debate informal, expresar de forma comprensible a idea que se quere dar a entender, utilizar unha linguaxe ampla e sinxela para explicar o que se quere, comprender as ideas principais de textos en lingua estándar, aínda con pausas

evidentes para realizar certa planificación gramatical e léxica. Así mesmo, ao finalizar a etapa, deberán saber enfrontarse de forma flexible a problemas cotiáns de comunicación oral e escrita, como participar en conversacións habituais, formular queixas, relatar experiencias ou plans, explicar algo ou pedir aclaracións. En definitiva, esta etapa debe supoñer un punto de partida sólido para continuar, de forma progresivamente autónoma, cunha aprendizaxe que ha de durar toda a vida.
Por outra parte, a aprendizaxe dunha lingua estranxeira vai máis alá do marco das aprendizaxes lingüísticas, vai máis alá de aprender a utilizala en contextos de comunicación. O seu coñecemento contribúe á formación do alumnado dende unha perspectiva integral en tanto que favorece o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas, desenvolve a conciencia intercultural é un vehículo para a comprensión de temas e problemas globais e para a adquisición de estratexias de aprendizaxe diversas. O proceso de ensino e aprendizaxe dunha lingua estranxeira nesta etapa educativa leva consigo un claro compoñente actitudinal, na medida en que contribúe a desenvolver actitudes positivas e receptivas cara a outras linguas e culturas e, ao mesmo tempo, a comprender e valorar a lingua ou linguas propias.
A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permita:
a) Asumir responsabelmente os seu deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
i) Comprender e expresarse en máis de unha lingua estranxeira de maneira apropiada.
j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
k) Coñecer e aceptar o funcionamento do corpo humano e o das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

## D) CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

**2º de ESO**

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Comprensión de textos orais | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B1.2. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:<br>– Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.<br>– Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.<br>– Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).<br>– Identificación de palabras clave.<br>– Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.<br>– Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece. ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.<br>▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. ▪ Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.<br>– Identificación do tipo textual, adaptando a | ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando), que permiten inferencias do significado baseadas no contexto; uso dos coñecementos referenciais sobre o tema, así como identificación de palabras clave.<br>▪ B1.2. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lentamente e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves que conteñan vocabulario propio do nivel.<br>▪ B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis salientables en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas | ▪ PLEB1.1. Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos, e identifica a relación de formalidade entre as persoas interlocutoras e o propósito comunicativo. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB1.2. Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na súa idade e no seu contexto escolar. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB1.3. Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB1.4. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivo s | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | comprensión a el.<br>– Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).<br>– Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión dos elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. | non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.<br>▪ B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis relevantes en conversas cotiás, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, sentimentos ou sensacións físicas básicas, expresadas con certa naturalidade e boa articulación, se pode escoitalas de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.<br>▪ B1.5. Recoñecer os puntos esenciais e a información principal de textos orais ou audiovisuais breves, articulados pausadamente e con claridade, que conteñan narracións e/ou descricións moi sinxelas, que traten sobre asuntos moi previsibles da vida cotiá ou moi coñecidos.<br>▪ B1.6. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos (datos persoais, horarios e prezos), transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e articuladas con certa lentitude e claridade, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan escoitar máis dunha vez. | presentacións sobre temas educativos que estea a aprender, profesionais moi sinxelos ou do seu interese inmediato (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha profesión). | ▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB1.5. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal espontánea, relacionada coas actividades de aula, e de simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, se a produción é articulada con claridade e cunha velocidade media, pero con pausas. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB1.6. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB1.7. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (tempo atmosférico, noticias presentadas con imaxes moi redundantes, etc.) e sobre transaccións habituais de bens e servizos, pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivo s | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | deba escoitalas máis dunha vez. | |
| | Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B2.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.<br>– Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.<br>– Execución:<br>– Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.<br>– Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.<br>– Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis | ▪ B2.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descricións, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais e con dominio do vocabulario elemental, para lograr a finalidade da comunicación.<br>▪ B2.2. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dea, se solicite e se intercambie información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifiquen brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e de plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e para seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao | ▪ PLEB2.1. Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervén na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB2.2. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando amodo e con | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivo s | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>– Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos<br>– Lingüísticos:<br>– Modificación de palabras de significado parecido.<br>– Definición ou parafraseo dun termo ou dunha expresión.<br>– Petición de axuda ou clarificación.<br>– Paralingüísticos:<br>– Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.<br>– Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal)<br>– Uso de elementos cuasiléxicos de valor comunicativo (hum, puah, etc.).<br>– Uso de | interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.<br>▪ B2.3. Participar en conversas espontáneas relacionadas coas actividades de aula e en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo.<br>▪ B2.4. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando con elas na interacción, verificando a comprensión propia e das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.<br>▪ B2.5. Manexar con certa fluidez frases feitas curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes.<br>▪ B2.6. Intercambia información ou responde a preguntas directas simples e breves, relativas a información persoal, hábitos, gustos, estudos | claridade, e repetindo ou reformulando. | |
| | | | ▪ PLEB2.5. Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas do seus compañeiros e das súas compañeiras. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB2.7. Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela de carácter educativo ou ocupacional moi habitual e traballado previamente, ▪<br>intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, preguntando sobre problemas prácticos e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivo s | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | elementos prosódicos (pausas, ritmo, entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretada s.<br>▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.<br>▪ B2.2. Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e do seu nivel escolar.<br>▪ B2.3. Uso básico da quenda de palabra, con indicadores sinxelos de que se quere falar e de recoñecemento do desexo de falar das demais persoas. | etc., en relación con ámbitos e temas inmediatos cos que xa estea familiarizado.<br>▪ B2.7. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor. | lle repitan os puntos clave se o necesita, e se o interlocutor coopera, falando amodo e con claridade, repetindo ou reformulando. | |
| | Bloque 3: Comprensión de textos escritos | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B3.1. Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.<br>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).<br>– Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), | ▪ B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as | ▪ PLB3.1. Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, manexo dun móbil ou prevención de riscos nunha excursión). | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLB3.2. Entende os | ▪ CCL |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivo s | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | adaptando a comprensión a el.<br>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>– Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br>▪ B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto. | ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.<br>▪ B3.2. Comprender mensaxes breves e sinxelas que conteñan instrucións, indicacións e información básica referida a necesidades inmediatas ou de carácter educativo ou ocupacional moi básico, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.<br>▪ B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e os detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten asuntos cotiáns, temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas e un léxico básicos de uso común e habitual.<br>▪ B3.4. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo.<br>▪ B3.5. Comprender a información esencial de correspondencia persoal moi breve e sinxela en calquera soporte, identificando o rexistro formal ou informal, o propósito e as fórmulas | puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo e ocupacional moi básico. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLB3.3. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLB3.4. Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que, de xeito sinxelo e básico, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLB3.5. Entende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivo s | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | de relación social, e outras convencións básicas propias deste tipo de texto.<br>▪ B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar. | ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet). | |
| | | | ▪ PLB3.6. Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B4.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.)<br>– Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, información sobre o tema, etc.).<br>– Execución:<br>– Elaboración dun borrador.<br>– Estruturación do contido do texto.<br>– Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.<br>– Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás | ▪ B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, por exemplo copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, ou pondo unha idea principal en cada parágrafo.<br>▪ B4.2. Escribir en papel ou en soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas, os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar; así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico.<br>▪ B4.3. Describir de forma moi sinxela lugares, obxectos e persoas, e | ▪ PLB4.1. Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos de textos de características similares, planifica o texto, elabora un borrador, corrixe tanto a ortografía como a orde das ideas e das palabras, etc. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLB4.2. Escribe textos moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos moi coñecidos e habituais no ámbito educativo, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, ou sobre temas de | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivo s | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | fórmulas de cada tipo de texto.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos e temáticos dispoñibles.<br>– Recurso aos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).<br>– Revisión:<br>– Identificación de problemas, erros e repeticións.<br>– Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>– Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).<br>– Reescritura definitiva.<br>▪ B4.2. Características textuais:<br>– Uso de recursos básicos para elaborar textos con coherencia e cohesión propios do seu nivel escolar. | narrar de xeito lineal feitos e experiencias sinxelas, así como expor información básica e previamente preparada relacionada con temas cotiáns ou con materias do currículo.<br>▪ B4.4. Cubrir documentos básicos nos que se solicite información persoal relativa a actividades diarias, intereses (deportes, música, etc.), gustos, etc.<br>▪ B4.5. Escribir mensaxes sinxelas en diferentes soportes con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade. ▪ B4.6. Escribir correspondencia breve e sinxela en papel ou soporte dixital, na que se dea información persoal básica e se expresen gustos, sentimentos e opinións.<br>▪ B4.7. Presentar os textos escritos de maneira coidada (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas. | actualidade de especial relevancia e facilmente comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén cando se utilizan as redes sociais. | |
| | | | ▪ PLB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información sobre si mesmo/a e a súa vila (por exemplo), se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, unhas vacacións), se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ o | ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.<br>– Sons e fonemas vocálicos.<br>– Sons e fonemas consonánticos e as | ▪ B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar | ▪ PLEB5.1. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, facéndose comprender, | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivo s | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | súas agrupacións.<br>– Procesos fonolóxicos básicos.<br>– Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración. ▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.<br>– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.<br>– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. ▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos.<br>– Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas, de normas de cortesía e de rexistros informais e estándar, así como da linguaxe non verbal máis habitual.<br>– Achegamento a algúns aspectos culturais visibles próximos ao seus intereses (música, lecer, deportes, produción escrita, lugares, poboación, etc.), e a costumes, valores e actitudes máis evidentes relacionados con aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>– Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países | repeticións.<br>▪ B5.2, Aplicar á comprensión e á produción de textos escritos as normas ortográficas básicas da palabra e da oración.<br>▪ B5.3. Incorporar á produción do texto oral e escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a estruturas sociais, relacións interpersoais, patróns de actuación, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos. ▪ B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, amosando curiosidade e respecto perante as diferenzas.<br>▪ B5.5. Utilizar as experiencias e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe; apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe, e valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de | producindo con suficiencia discriminativa trazos fonéticos significativos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e recoñecendo e producindo comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | |
| | | | ▪ PLEB5.2. Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB5.3. Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.) | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, de ser o caso, do resto do alumnado, e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLB5 5. Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivo s | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>▪ B5.4. Plurilingüismo. – Recoñecemento da realidade plurilingüe do propio contorno.<br>– Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe, e da lingua estranxeira, para lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>– Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.<br>▪ B5.5. Funcións comunicativas.<br>– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas.<br>– Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.<br>– Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de | acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal, ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.<br>▪ B5.6. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando, con suficiente dominio para o seu nivel escolar, os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente.<br>▪ B5.7. Comprender e utilizar rutinas e o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas reais ou simuladas.<br>▪ B5.8. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos, así como os procesos de realización das actividades lingüísticas de comprensión e produción. | ▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e partextuais). | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB5.7. Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivo s | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | sucesos futuros.<br>– Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e consellos, advertencias e avisos.<br>– Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida.<br>– Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.<br>– Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.<br>– Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses.<br>– Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. ▪<br>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras, alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.<br>– Expresións fixas e enunciados | | | |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectiv o s | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | fraseolóxicos máis habituais,<br>– Saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións – Léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.<br>▪ B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma. | | | |

**Estruturas sintáctico-discursivas do inglés incluídas en *Teamwork 2*:**

· Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and, too, also*); disxunción (*or*); oposición (*but*); causa (*because (of)*); finalidade (*to- infinitive; for*)
· Afirmación (*affirmative sentences*)
· Exclamacións (*It's great!, It's beautiful!, I'm happy! ..*).
· Negación: oracións negativas con *not, never, no (+Noun, e. g. no problem), nobody, nothing*).
· Interrogación (*Wh- questions; Yes / No Questions; Where are you from?, Do you play tennis?*).
· Expresión do tempo: pasado (*Past Simple*); presente (*Present Simple and Continuous*); futuro (*be going ;* **will***; Present Continuous* con valor de futuro; *Present Simple* con valor de futuro).
· Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*Present and Past Simple*); habitual (*simple tenses (+ Adv., e. g. usually)*).
· Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can*); obrigación (*must*); prohibición (*mustn't*); intención (*Present Continuous*). · Expresión da existencia (*e. g. There is / are; There was / were*); a entidade (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns; determiners*); a calidade (*e. g. descriptive adjectives*).
· Expresión da cantidade (*singular/plural*; *cardinal and ordinal numerals*. *Quantity: e. g. some, any*).
· Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).
· Expresión do tempo (*divisions* (*e. g. century; season*), *and indications* (*ago; early; late*) *of time*; *duration* (*from…to; during*); *posteriority* (*later*); *sequence* (*first, next, last*); *frequency* (*e. g. often, usually, never*).
· Expresión do modo *(Adv. and phrases of manner, e. g. quickly; by bus; How ..?*).

## 4º de ESO

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Comprensión de textos orais | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B1.1. Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.<br>– Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva e detallada).<br>– Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.<br>– Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).<br>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. | ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.<br>▪ B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que exista apoio visual e as condicións acústicas non distorsionen a | ▪ PLEB1.1. Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuíndo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB1.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica, ou unha | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | mensaxe, e que se poida volver escoitar o dito.<br>▪ B1.3. Comprender os detalles de información relativa a datos persoais, horarios, prezos e números, así como comprender preguntas e instruccións básicas e seguir indicacións breves relativas a necesidades cotiás ou ocupacionais relativas a situacións de comunicación básicas dos ámbitos persoal e profesional.<br>▪ B1.4. Comprender textos orais sinxelos nos que soliciten ou dean información de carácter básico e sinxelo, identificando funcións de comunicación variadas e captando tanto as liñas xerais como os aspectos secundarios de relevancia, sempre que se fale lentamente e nunha linguaxe estándar e poida pedir confirmación do entendido.<br>▪ B1.5. Comprender as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais de carácter informal que relaten experiencias persoais (viaxes, estudos, | charla sobre a formación profesional noutros países). | |
| | | | ▪ PLEB1.3. Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de televisión claramente articuladas cando hai apoio visual que complementa o discurso, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes facilitan a comprensión. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB1.4. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico (por exemplo, en contestadores automáticos, ou sobre como realizar un experimento na clase, ou como utilizar unha máquina ou un dispositivo no ámbito ocupacional). | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB1.5. Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dous ou máis | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | experiencias laborais, relacións persoais, etc.), e expresen opinións ou puntos de vista, cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos como a secuencia temporal das experiencias (por exemplo, dunha película), e os sentimentos que suscitan. | interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua. | |
| | | | ▪ PLEB1.6. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros docente e lugares de traballo) ou menos habituais (por exemplo, nunha farmacia, un hospital, nunha comisaría ou nun organismo público), se pode pedir confirmación dalgúns detalles. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB1.7. Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo), información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB1.8. | ▪ CCL |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas (por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade). | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B2.1. Estratexias de produción: – Planificación:<br>– Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.<br>– Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.<br>– Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.<br>– Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.<br>– Execución:<br>– Expresión da mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, | ▪ B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, explotando os recursos dos que se dispón e limitando a expresión a estes; recorrendo, entre outros, a procedementos como a definición simple de elementos para os que non se teñen as palabras precisas, ou comezando de novo cunha nova estratexia cando falla a comunicación.<br>▪ B2.2. Pronunciar e entoar os enunciados de | ▪ PLEB2.1. Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender, como a utilización de expresións memorizadas ou fixas (para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan ou que lle aclaren) e o uso de exemplos e definicións, ou de aspectos paralingüísticos como os acenos, a entoación, etc. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB2.2. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervén na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>– Apoio e aproveitamento ao máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).<br>– Cooperación na interacción con outras persoas, verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.<br>– Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.<br>– Lingüísticos:<br>– Modificación de palabras de significado parecido.<br>– Definición ou reformulación dun termo ou expresión.<br>– Petición de axuda.<br>– Paralingüísticos:<br>– Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.<br>– Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica, etc.).<br>– Uso de sons cuasilingüísticos e calidades prosódicas convencionais. | maneira clara e comprensible, aínda que as persoas interlocutoras poidan necesitar repeticións se se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación.<br>▪ B2.3. Producir textos breves ou de lonxitude media, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, nos que se intercambia información, ideas e opinións, se xustifican de maneira simple pero suficiente os motivos de accións e plans, e se formulan hipóteses, aínda que ás veces haxa vacilacións para buscar expresións e pausas para reformular e organizar o discurso, e sexa necesario repetir o dito para axudar a persoa interlocutora a comprender algúns detalles.<br>▪ B2.4. Manter o ritmo do discurso coa fluidez suficiente para facer comprensible a mensaxe cando as intervencións son breves ou de | manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | |
| | | | ▪ PLEB2.3. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas.<br>▪ B2.5. Interactuar de maneira sinxela pero efectiva en intercambios claramente estruturados, utilizando estratexias de cooperación na interacción e fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora.<br>▪ B2.6. Comprender preguntas e dar información básica sobre si mesmo e relativas aos ámbitos educativo e persoal (datos persoais, formación, opinións, plans, intereses), aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as súas respostas para facerse comprender. | xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto. | |
| | | | ▪ PLEB2.5. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB2.6. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans. | |
| | Bloque 3. Comprensión de textos escritos | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B3.1. Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.<br>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)<br>– Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).<br>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. | ▪ B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.<br>▪ B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas (identificar os conceptos principais e palabras clave do tema, coñecer sinónimos destas e procurar termos relacionados en internet; e localizar recursos da biblioteca do seu centro docente), para a procura de información en diferentes fontes, e analizar a súa credibilidade seguindo criterios como a autoría, a data de publicación, ligazóns relevantes, funcionalidade e tipo de texto (divulgativo, educativo, de opinión, etc.). | ▪ PLEB3.1. Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir significados a partir do seu coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais (imaxes, tipografía, deseño, etc.), así como das características do medio en que aparece impresa a información (carteis, folletos, revistas, xornais, páxinas web, etc.). | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB3.2. Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | ▪ B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou salientables para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, de carácter tanto xeral como máis específico.<br>▪ B3.4. Comprender a intención de comunicación, fórmulas de saúdo, despedida e outras convencións básicas de correspondencia de carácter persoal e formal, sempre que non conteña expresións idiomáticas, e poder reaccionar de xeito adecuado a tarxetas postais, felicitacións, invitacións, citas médicas, solicitude de información, etc.<br>▪ B3.5. Seguir instrucións básicas que lle permitan, por exemplo, pór en marcha, manexar ou instalar aparellos | analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que o publica, datas, etc.) que axuden a avaliar a credibilidade do material. | |
| | | | ▪ PLEB3.3. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo e claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre lecer, cursos, bolsas e ofertas de traballo). | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB3.4. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, sempre que poida reler as seccións difíciles. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB3.5. Comprende correspondencia | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | ou aplicacións informáticas sinxelas (sempre que conteñan diagramas ou imaxes que faciliten a súa comprensión), entender unha prescrición médica, matricularse nun centro de estudos, etc.<br>▪ B3.6. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos breves ou adaptados, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua, con argumento lineal e con personaxes, situacións e relacións descritas de xeito claro e sinxelo. | persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos, onde se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional, como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro). | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB3.7. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural, nunha residencia de estudantes ou nun contexto ocupacional). | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB3.8. Comprende | ▪ CCL |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B4.1. Estratexias de produción: – Planificación:<br>– Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). – Localización e uso adecuado dos recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).<br>– Execución:<br>– Elaboración dun borrador. – Estruturación do contido do texto.<br>– Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.<br>– Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle | ▪ B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos breves ou de media lonxitude (por exemplo, reformulando estruturas a partir doutros textos de características e propósitos comunicativos similares, ou redactando borradores previos, e revisando contido, ortografía e presentación do texto antes da súa escritura definitiva).<br>▪ B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns | ▪ PLEB4.1. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB4.2. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.<br>– Apoio e aproveitamento ao máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).<br>– Revisión:<br>– Identificación de problemas, erros e repeticións.<br>– Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>– Reescritura definitiva.<br>– Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.). | ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, de carácter tanto xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese.<br>▪ B4.3. Saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo, abreviacións ou outros en chats).<br>▪ B4.4. Seleccionar e achegar información necesaria e pertinente, axustando de maneira adecuada a expresión ao destinatario, ao propósito comunicativo, ao tema tratado e ao soporte textual, e | solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos. | |
| | | | ▪ PLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes (por exemplo, nunha páxina web ou unha revista xuvenís, ou dirixidos a un profesor ou a unha profesora), respectando as convencións e as normas de cortesía. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | expresando opinións e puntos de vista coa cortesía necesaria. ▪ B4.5. Tratar a información obtida de diversas fontes, seguindo os patróns discursivos habituais, para iniciar e concluír o texto escrito adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliala con exemplos ou resumila con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal.<br>▪ B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando importancia da presentación nas comunicacións escritas. | os aspectos que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles. | |
| | | | ▪ PLEB4.5. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar unha bolsa). | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB4.6. Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo Europass. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB4.7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB4.8. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ o | ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación<br>– Sons e fonemas vocálicos. – Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. | ▪ B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e recoñecer os | ▪ PLEB5.1. Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | – Procesos fonolóxicos básicos. – Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.<br>▪ B5. 2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:<br>– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.<br>– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.<br>▪ B5. 3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>– Recoñecemento e uso de convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; e linguaxe non verbal.<br>– Achegamento a aspectos culturais visibles próximos aos seus intereses (música, traballo, lecer, deportes, produción escrita, lugares, organización política, etc.) e a costumes, valores, crenzas e actitudes máis relevantes para facer comprensible con carácter xeral a cultura dos países falantes da lingua estranxeira.<br>– Identificación das similitudes e as diferenzas máis significativas nos costumes cotiáns, e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>▪ B5.4. Plurilingüismo:<br>– Recoñecemento da realidade plurilingüe do propio contorno.<br>– Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha | significados e as intencións comunicativas xerais relacionados con eles.<br>▪ B5.2. Recoñecer e utilizar as principais convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación, e de uso de maiúsculas e minúsculas, así como abreviaturas e símbolos de uso común e máis específico; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo, abreviacións ou outros en chats).<br>▪ B5.3. Coñecer e utilizar para a comprensión e a produción do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida (hábitat e estrutura socioeconómica), relacións interpersoais (xeracionais, entre homes e mulleres, no ámbito educativo, | esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras. | |
| | | | ▪ PLEB5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB5.4. Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relación entre aspectos da | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | competencia comunicativa integrada.<br>– Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.<br>▪ B5.5. Funcións comunicativas: – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais.<br>– Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.<br>– Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros. – Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.<br>– Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura.<br>– Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.<br>– Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.<br>– Establecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.<br>▪ B5.6. Léxico oral escrito de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; | ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica) e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender información e ideas presentes no texto (por exemplo, de carácter histórico ou literario).<br>▪ B5.4. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal, ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes. ▪ B5.5. Recorrer aos coñecementos sintáctico discursivos da propia lingua para identificar marcadores discursivos e tipo de expoñentes lingüísticos necesarios segundo o tipo de texto e a intención comunicativa; mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada | cultura propia e da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | |
| | | | ▪ PLEB5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación. – Recoñecemento e uso de expresións fixas, enunciados fraseolóxicos (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións) e léxico sobre temas relacionados con contidos doutras áreas do currículo.<br>– Recoñecemento e uso de antónimos e sinónimos máis comúns, e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e recoñecemento de "falsos amigos".<br>▪ B5.7. Recoñecemento e uso de rutinas ou modelos de interacción básicos, segundo o tipo de situación de comunicación.<br>▪ B5.8. Estruturas sintáctico discursivas propias de cada idioma. | ▪ B5.6. Apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.<br>▪ B5.7. Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, unha estrutura interrogativa para expresar sorpresa); e distinguir a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización e á ampliación ou a restruturación da información (por exemplo, nova fronte a coñecida; exemplificación e resumo).<br>▪ B5.8. Recoñecer, e aplicar á comprensión do texto léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, así como un repertorio limitado | lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | de expresións e modismos de uso frecuente, cando o contexto ou o apoio visual facilitan a comprensión.<br>▪ B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | | |

***Estruturas sintáctico-discursivas do inglés incluidas en *Teamwork 4*:**

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and, too, also*); disxunción (*or*); oposición (*but*); causa (*because (of); due to*); finalidade (*to- infinitive; for*); comparación *too…/* (*not) .. enough*; *more dangerous (than)*; *the fastest*); resultado (*so…*); condición (*if; unless);* estilo indirecto (*reported information, offers, suggestions and commands*).
- Relacións temporais (*as soon as; while*).
- Afirmación (*affirmative sentences*).
- Exclamacións (*What + (*Adj. +) noun, *e.g. What an Idea!*; *How +* Adj., *e.g. How interesting!*; frases e expresións exclamativas*, e.g. I can't believe it!, Call the Police!, No way!*).
- Negación: oracións negativas con *not, never, no (+*Noun*, e.g. no problem), nobody, nothing*).
- Interrogación (*Wh- questions; Yes / No Questions; Are they eating?*).
- Expresión do tempo: pasado (*Past Simple and Continuous; Present Perfect*); presente (*Present Simple and Continuous*); futuro (*going to*; **will***; Present Continuous* con valor de futuro).
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*Present and Past Simple, and Future Continuous*); habitual (*simple tenses (+ Adv., e. g. usually; used to*); incoativo (*start -ing*); terminativo (*stop -ing*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can; be*

*able*); posibilidade/probabilidade (*may*; *might*; *perhaps*); necesidade (*must*; *need; have (got) to*); obrigación (*have* (*got*) *to*; *must; imperative*); permiso (*could; allow*); intención (*Present Continuous*).

- Expresión da existencia (*e. g. There is / are; There was / were*); a entidade (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic); determiners*);
- Expresión da cantidade (*singular/plural*; *cardinal and ordinal numerals*. *Quantity: e. g. all (the), most, both, none. Degree: e. g. really; quite; so; a little*).
- Expresión do tempo (*points* (*e. g. five to (ten)*); *divisions* (*e. g. century; season*), *and indications* (*ago; early; late*) *of time*; *duration* (*from … to; during; until; since*); *anteriority* (*already; (not) yet*); *posteriority* (*afterwards; later*); *sequence* (*first, next, last*); *simultaneousness* (*while, as*)*; frequency* (*e. g. often, usually*).
- Expresión do modo *(Adv. and phrases of manner, e. g. gradually; by car; How ..?*).

## D.1) TEMPORALIZACIÓN

Falar de temporalización na materia de inglés non deixa de ser algo similar a facer castelos no aire; por unha banda, practicamente todos os estándares se repiten ao longo de todo o curso, polo que non lle atopamos moito senso ao feito de ir marcando un por un. Ademais, e tal como di o Decreto 86/ 2015 do 25 de xuño, os estándares do Bloque 5 están integrados e, por tanto, son avaliados coas mesmas actividades empregadas nos bloques 1 a 4.

Por outra banda, a realidade da aula e o día a día cos rapaces é o que vai marcar o ritmo temporal da ensinanza. Nun principio, os métodos empregados constan de nove unidades, o que fairía un reparto moi sinxelo: tres unidades por trimestre máis unha unidade inicial de repaso. Porén, coa entrada en vigor da nova normativa que suprime a Avaliación Extraordinaria de setembro e co adianto das avaliacións e do final de curso na práctica, é moi probable que non se consigan impartir todas as unidades previstas deste xeito tan matemático. Sendo realistas e á vista do calendario de avaliacións, pensamos que moi probablemente nos sexamos capaces de avanzar máis aló das unidades de repaso (unidade 0) e das unidades unha e dous na primeira avaliación. Por outra banda, e visto desde fóra, podería parecer que adicamos demasiado tempo a unidade 0 ou de Introducción xa que, en teoría, non se trata máis que dun repaso. Porén, a experiencia nos di que afianzar ben os contidos desta unidade é fundamental para poder seguir co curso xa que unha grande maioría do alumnado adoita a facer tabula rasa no verán. Con todo, unha vez inmersos na realidade de cada grupo, é un feito recorrente que cuns grupos vaise avanzar máis do previsto e con outros non lograremos completar a programación.

Por todo o exposto, pensamos que a temporalización que expoñemos a continuación é meramente indicativa e que o feito de que se leve a cabo segundo a opción A ou B non implica falla de traballo nin pérdida de tempo por parte do profesorado senón unha adaptación á realidade dos grupos.

Dadas as características do alumnado de este centro, os anos anteriores non fomos capaces de cumplir íntegramente cas 9 unidades da programación, e suponemos o mismo para este ano

**OPCIÓN TEMPORAL A**

| 1ºTRIMESTRE |
|---|
| Unidade 0<br>Unidade 1<br>Unidade 2<br>Unidade 3<br>Avaliación por competencias |
| **2º TRIMESTRE** |
| Unidade 4<br>Unidade 5<br>Unidade 6<br>Avaliación por competencias |
| **3ºTRIMESTRE** |
| Unidade 7<br>Unidade 8<br>Unidade 9<br>Avaliación por competencias |

**OPCIÓN TEMPORAL B**

| 1ºTRIMESTRE |
|---|
| Unidade 0<br>Unidade 1<br>Unidade 2<br>Avaliación por competencias |
| **2º TRIMESTRE** |
| Unidade 3<br>Unidade 4<br>Unidade 5<br>Avaliación por competencias |
| **3ºTRIMESTRE** |
| Unidade 6<br>Unidade 7<br>Unidade 8<br>Unidade 9*<br>Avaliación por competencias |

## D.2) GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

### 2º ESO

| *Clave contido* | *Definición* | *Estándares de aprendizaxe* |
|---|---|---|
| B1.1. | Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula. | PLEB1.1. |
| B1.2. | Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. | PLEB1.2. |
| B1.3. | Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade. | PLEB1.3 |
| B1.4. | Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, de forma clara e comprensible. | PLEB1.4. |
| B2.1. | Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. | PLEB2.1. |
| B2.2. | Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.<br>Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. | PLEB2.2. |
| B2.3. | Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. | PLEB2.3. |
| B2.4. | Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos. | PLEB2.4. PLEB2.5. |

| | | |
|---|---|---|
| B3.1. | Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema | PLEB3.1. PLEB3.2. |
| | ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas. | |
| B3.2. | Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente. | PLEB3.2. PLEB3.3. PLEB3.4. |
| B3.3. | Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia. | PLEB3.2. PLEB3.3. PLEB3.4. |
| B3.4. | Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos. | PLEB3.2. PLEB3.3. PLEB3.4. |
| B4.2. | Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal. | PLEB4.2. |
| B4.3. | Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade. | PLEB4.3. |
| B4.4. | Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. | PLEB4.4. |
| B5.1. | Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender. | PLEB5.1. |
| B5.2. | Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar. | PLEB5.2. |

**4º ESO**

| *Clave contido* | *Definición* | *Estándares de aprendizaxe* |
|---|---|---|
| B1.1. | Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula. | PLEB1.1. |
| B1.2. | Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. | PLEB1.2. |
| B1.3. | Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade. | PLEB1.3 |
| B1.4. | Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, de forma clara e comprensible. | PLEB1.4. |
| B2.1. | Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. | PLEB2.1. |
| B2.2. | Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.<br>Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. | PLEB2.2. |
| B2.3. | Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. | PLEB2.3. |
| B2.4. | Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos. | PLEB2.4. PLEB2.5. |
| B3.1. | Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras | PLEB3.1. PLEB3.2. |

| | | |
|---|---|---|
| | informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas. | |
| B3.2. | Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente. | PLEB3.2. PLEB3.3.<br>PLEB3.4. |
| B3.3. | Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia. | PLEB3.2. PLEB3.3.<br>PLEB3.4. |
| B3.4. | Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos. | PLEB3.2. PLEB3.3.<br>PLEB3.4. |
| B4.2. | Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal. | PLEB4.2. |
| B4.3. | Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade. | PLEB4.3. |
| B4.4. | Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. | PLEB4.4. |
| B5.1. | Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender. | PLEB5.1. |
| B5.2. | Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar. | PLEB5.2. |

## D. 2.1) TÁBOA DE CONSULTA DE NIVEIS DE ADQUISICIÓN

De seguido incluímos unha táboa de equivalencias para consultar os niveis de adquisición de cada un dos estándares de aprendizaxe de cada bloque lingüístico:

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

| Acádao | Non o acada totalmente | Acádao con dificultade | Non o acada |
|---|---|---|---|
| Capta axeitadamente todos os puntos principais e detalles relevantes de mensaxes orais. | Capta case todos os puntos principais e detalles relevantes de mensaxes orais. | Capta algúns puntos principais e detalles relevantes de mensaxes orais. | Non capta os puntos principais nin detalles relevantes de mensaxes orais. |
| Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas. | Entende case todo o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas. | Entende parcialmente o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas. | Non entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas. |
| Identifica axeitadamente o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa formal ou informal. | Identifica case ao completo o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa formal ou informal. | Identifica parte do sentido xeral e algúns puntos principais dunha conversa formal ou informal. | Non identifica o sentido xeral nin os puntos principais dunha conversa formal ou informal. |
| Comprende descricións, narracións, puntos de vista e opinións en conversas nas que participa sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese nas conversas. | Comprende case toda a información de descricións, narracións, puntos de vista e opinións en conversas nas que participa sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese nas conversas. | Cústalle comprender descricións, narracións, puntos de vista e opinións en conversas nas que participa sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese nas conversas. | Non comprende descricións, narracións, puntos de vista e opinións en conversas nas que participa sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese nas conversas. |
| Comprende aquilo que se lle pregunta sobre asuntos personais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, e comentarios sinxelos e predicíbeis nunha conversa formal ou entrevista na que participa. | Comprende case todo aquilo que se lle pregunta sobre asuntos personais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, e comentarios sinxelos e predicíbeis nunha conversa formal ou entrevista na que participa. | Cústalle comprender aquilo que se lle pregunta sobre asuntos personais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, e comentarios sinxelos e predicíbeis nunha conversa formal ou entrevista na que participa. | Non comprende aquilo que se lle pregunta sobre asuntos personais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, e comentarios sinxelos e predicíbeis nunha conversa formal ou entrevista na que participa. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Distingue á perfección as ideas principais e a información relevante en presentacións sobre temas educativos, ocupacionais ou do seu interese. | Distingue case todas as ideas principais e a información relevante en presentacións sobre temas educativos, ocupacionais ou do seu interese. | Ten dificultade para distinguir as ideas principais e a información relevante en presentacións sobre temas educativos, ocupacionais ou do seu interese. | Non distingue as ideas principais e a información relevante en presentacións sobre temas educativos, ocupacionais ou do seu interese. |
| Identifica axeitadamente a información esencial de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, cando as imaxes axudan á comprensión. | Identifica case toda a información esencial de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, cando as imaxes axudan á comprensión. | Cústalle identificar a información esencial de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, cando as imaxes axudan á comprensión. | Non identifica a información esencial de programas de Televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, cando as imaxes axudan á comprensión. |

BLOQUE 2: PRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS

| Acádao | Non o acada totalmente | Acádao con dificultade | Non o acada |
|---|---|---|---|
| Fai axeitadamente presentacións curtas e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual, sobre aspectos puntuais de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou ocupación, e responde sen dificultade preguntas curtas e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas. | Fai presentacións curtas curtas e ensaiadas, case sen erros, ben estruturadas e con apoio visual, sobre aspectos puntuais de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou ocupación, e responde con algunha dificultade preguntas curtas e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas. | Fai presentacións curtas e ensaiadas con erros, pouco estruturadas e con apoio visual, sobre aspectos puntuais de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou ocupación, e responde con bastante dificultade preguntas curtas e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas. | Non é quen de facer presentacións curtas e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual, sobre aspectos puntuais de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou ocupación, e tampouco responde axeitadamente preguntas curtas e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas. |
| Desenvólvese axeitadamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o tempo de lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento). | Desenvólvese case sen problema en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o tempo de lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento). | Desenvólvese con dificultade en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o tempo de lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento). | Non se desenvolve en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o tempo de lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento). |
| Participa activa e axeitadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e | Participa activamente e case axeitadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e | Participa con dificultade en conversas informais cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e | Non é quen de participar en conversas informais cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que cómpre seguir para realizar unha actividade conxunta. | ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que cómpre seguir para realizar unha actividade conxunta. | ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que cómpre seguir para realizar unha actividade conxunta. | vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que cómpre seguir para realizar unha actividade. |
| Participa activa e axeitadamente nunha conversa formal, xuntanza ou entrevista de carácter académico ou ocupacional, intercambiando información abonda, expresando as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de maneira sinxela diante de comentarios. | Participa nunha conversa formal, xuntanza ou entrevista de carácter académico ou ocupacional case sen dificultade, intercambiando información abonda, expresando as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de maneira sinxela diante de comentarios. | Participa nunha conversa formal, xuntanza ou entrevista de carácter académico ou ocupacional con bastante dificultade, para intercambiar información abonda, expresar as súas ideas sobre temas habituais, dar a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e cústalle reaccionar de maneira sinxela diante de comentarios. | Non é quen de participar nunha conversa formal, xuntanza ou entrevista de carácter académico ou ocupacional, intercambiando información abonda, expresando as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de maneira sinxela diante de comentarios. |

| Acádao | Non o acada totalmente | Acádao con dificultade | Non o acada |
|---|---|---|---|
| Identifica axeitadamente, con axuda da imaxe, instrucións de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas, así como instrucións para a realización de actividades e normas de seguranza. | Identifica case sen problemas e con axuda da imaxe, instrucións de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas, así como instrucións para a realización de actividades e normas de seguranza. | Cústalle identificar, aínda coa axuda da imaxe, instrucións de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas, así como instrucións para a realización de actividades e normas de seguranza. | Non é quen de identificar, aínda coa axuda da imaxe, instrucións de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas, así como instrucións para a realización de actividades e normas de seguranza. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Entende á perfección os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou Internet formulados de maneira sinxela e clara, relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal, académico e ocupacional. | Entiende case todos os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou Internet formulados de maneira sinxela e clara, relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal, académico e ocupacional. | Entende con dificultade os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou Internet formulados de maneira sinxela e clara,relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal, académico e ocupacional. | Non entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou Internet formulados de maneira sinxela e clara, relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal, académico e ocupacional. |

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

| | | | |
|---|---|---|---|
| Comprende á perfección correspondencia persoal en calquera formato na que se fala dun/ha mesmo/a; descríbense persoas, obxectos e lugares; nárranse acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios, e exprésanse sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | Comprende case sen problemas correspondencia persoal en calquera formato na que se fala dun/ha mesmo/a; descríbense persoas, obxectos e lugares; nárranse acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios, e exprésanse sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | Cústalle comprender correspondencia persoal en calquera formato na que se fala dun/ha mesmo/a; descríbense persoas, obxectos e lugares; nárranse acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios, e exprésanse sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | Non comprende correspondencia persoal en calquera formato na que se fala dun/ha mesmo/a; descríbense persoas, obxectos e lugares; nárranse acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios, e exprésanse sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. |
| Entende sen ningún problema todo o esencial de correspondencia formal na que se lle informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional. | Entende con algún problema o esencial de correspondencia formal na que se lle informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional. | Entende con bastante dificultade o esencial de correspondencia formal na que se lle informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional. | Non entende o esencial de correspondencia formal na que se lle informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional. |
| Capta á perfección as ideas principais de textos xornalísticos curtos en calquera soporte. | Capta case ao completo as ideas principais de textos xornalísticos curtos en calquera soporte. | Cústalle captar as ideas principais de textos xornalísticos curtos en calquera soporte. | Non capta as ideas principais de textos xornalísticos curtos en calquera soporte. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Entende sen problemas a información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a materias académicas, asuntos ocupacionais, ou do seu interese. | Entende case sen problemas a información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a materias académicas, asuntos ocupacionais, ou do seu interese. | Ten dificultade para entender a información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a materias académicas, asuntos ocupacionais, ou do seu interese. | Non entende a información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a materias académicas, asuntos ocupacionais, ou do seu interese. |
| Comprende sen dificultade o esencial de historias de ficción curtas e ben estruturadas e faise unha idea do carácter dos distintos personaxes, as súas relacións e do argumento. | Comprende o esencial de historias de ficción curtas e ben estruturadas e faise unha idea do carácter dos distintos personaxes, as súas relacións e do argumento. | Comprende con dificultade o esencial de historias de ficción curtas e ben estruturadas e cústalle facerse unha idea do carácter dos distintos personaxes, as súas relacións e do argumento. | Non comprende o esencial de historias de ficción curtas e ben estruturadas e non se fai unha idea do carácter dos distintos personaxes, as súas relacións e do argumento. |

BLOQUE 4: PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

| Acádao | Non o acada totalmente | Acádao con dificultade | Non o acada |
|---|---|---|---|
| Completa axeitadamente un inquérito sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, ocupación, intereses ou afeccións. | Completa con algúns erros un inquérito sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, ocupación, intereses ou afeccións. | Completa con dificultade un inquérito sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, ocupación, intereses ou afeccións. | Non é quen de completar un inquérito sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, ocupación, intereses ou afeccións. |
| Escribe axeitadamente apuntamentos e mensaxes curtas nas que se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con tarefas e situacións da vida cotiá e do seu interese. | Escribe con algúns erros apuntamentos e mensaxes curtas nas que se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con tarefas e situacións da vida cotiá e do seu interese. | Escribe con moitos erros apuntamentos e mensaxes curtas nas que se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con tarefas e situacións da vida cotiá e do seu interese. | Non é quen de escribir apuntamentos nin mensaxes curtas nas que se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con tarefas e situacións da vida cotiá e do seu interese. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Escribe axeitadamente apuntamentos, anuncios e mensaxes curtas relacionadas con tarefas e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e normas de cortesía e de etiqueta. | Escribe con algúns erros apuntamentos, anuncios e mensaxes curtas relacionadas con tarefas e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e normas de cortesía e de etiqueta. | Escribe con moitos erros apuntamentos, anuncios e mensaxes curtas relacionadas con tarefas e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e normas de cortesía e de etiqueta. | Non é quen de escribir apuntamentos, nin anuncios e mensaxes curtas relacionadas con tarefas e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e normas de cortesía e de etiqueta. |
| Escribe axeitadamente informes moi curtos con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, describindo de maneira sinxela situacións, persoas, obxectos e lugares e sinalando os principais acontecementos de maneira esquemática. | Escribe con algúns erros informes moi curtos con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, describindo de maneira sinxela situacións, persoas, obxectos e lugares e sinalando os principais acontecementos de maneira esquemática. | Escribe con moitos erros informes moi curtos con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, describindo de maneira sinxela situacións, persoas, obxectos e lugares e sinalando os principais acontecementos de maneira esquemática. | Non é quen de escribir informes moi curtos con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, describindo de maneira sinxela situacións, persoas, obxectos e lugares e sinalando os principais acontecementos de maneira esquemática. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Escribe axeitadamente correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, etc. | Escribe con algúns erros correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias personais, etc. | Escribe con moitos erros correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias personais, etc. | Non é quen de escribir correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias personais, etc. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Escribe axeitadamente correspondencia formal básica e curta, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, solicitando ou dando a información requirida de maneira sinxela e observando as convencións formais e normas de cortesía básicas deste tipo de textos. | Escribe con algúns erros correspondencia formal básica e curta, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, solicitando ou dando a información requirida de maneira sinxela e observando as convencións formais e normas de cortesía básicas deste tipo de textos. | Escribe con moitos erros correspondencia formal básica e curta, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, solicitando ou dando a información requirida de maneira sinxela e observando as convencións formais e normas de cortesía básicas deste tipo de textos. | Non é quen de escribir correspondencia formal básica e curta, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, solicitando ou dando a información requirida de maneira sinxela e observando as convencións formais e normas de cortesía básicas deste tipo de textos. |

### D.2.2) MÍNIMOS ESIXIBLES (expresados en termos de vocabulario e contido gramatical)

Para tódolos alumnos/as os contidos mínimos esixibles son aqueles que marca a Lei pola que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Non obstante, por mor de simplificalos, especialmente para facelos máis comprensibles para as familias, que a miúdo reclaman unha concreción no que teñen que traballar os seus fillos/as, tamén detallamos os contidos gramaticais e de vocabulario:

### CONTIDOS MÍNIMOS EN 2º ESO

*Os mínimos esixibles a conseguir neste segundo curso son, ademais de todo o aprendido o ano anterior:*

**Gramática**:

- Verbo to Be.
- *Have got;*
- *There is / there are*
- Plurais Irregulares
- Present Simple, (afirmativo, negativo e interrogativo).
- Presente continuo (formas afirmativa, negativa e interrogativa).
- *There was / there were*
- Pasado simple de *to be* (formas afirmativa, negativa e interrogativa).
- Pasado Simple (verbos regulares e irregulares).
- Pasado continuo *vs* pasado simple.
- Verbos Modais (Can, Could, Must, Should).
- A comparación.
- Presente continuo con valor *d*e futuro; *Going to + verb.*
- Expresar prediccións de futuro: *will*
- Oracións condicionais de tipo 0/1.
- Artigos e Quantificadores.
- Preposicións de Tempo.
- Adverbios de Frecuencia.
- Fonética: recoñecemento de vocabulario sinxelo pola súa transcripción fonética.

**Vocabulario:**

- Obxectos de clase.
- Materias escolares.
- Países e nacionalidades.
- Partes do corpo.
- Sentimentos.
- Adexectivos relacionados coa música.
- O cine e os libros.
- Emerxencias meteorolóxicas.
- A comida.
- Os animais.
- Os ordenadores.
- As viaxes.
- Actividades cotiás.
- Profesións.
- Lugares de traballo.
- Medios de transporte.

**Os puntos que figuran na programación de Primeiro curso, enténdese que son ampliados neste.**

## CONTIDOS MÍNIMOS EN 4º ESO

*Os mínimos esixibles a conseguir neste cuarto curso son, ademais de todo o aprendido o ano anterior:*

**Gramática:**

- Presente Simple / Presente Continuo
- Pasado Simple.
- Used to. Get used to.
- Present Perfect Simple.
- Present Perfect vs Pasado Simple.
- A Voz Pasiva.
- Causativo.
- O Futuro. Futuro Continuo.
- Condicional, todos os tipos.
- O Estilo Indirecto.
- Os Pronomes Relativos.
- Os Compostos de Some e Any.
- Os Modais.
- Comparación de adxectivos.
- Too / enough.
- Past Perfect Simple and Continuous.
- Question Tags
- Make and Do.
- Idioms.
- Phrasal Verbs.

- Fonética: recoñecemento de vocabulario sinxelo pola súa transcripción fonética.

**Vocabulario:**

-Vocabulario relacionados cos seguintes temas:
- Lugares.
- Viaxes.
- Delitos.
- Materiais.
- Mediciñas.
- O Medioambiente.
- Adxectivos xeográficos.
- Competicións e concursos.
- Animais.
- As exploracións xeográficas.
- A comunicación de emocións.

**Os puntos que xa figuran na programación de cursos anteriores, enténdese que son ampliados neste.**

## D.3) PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

É preciso levar a cabo varios tipos de avaliación: individual, continua, final, autoavaliación, etc.

A **avaliación individual** permite pescudar os coñecementos de inglés que teñen os alumnos. Faise un test de diagnóstico ao comezo do curso e utilízanse as follas de autoavaliación para seguir o progreso de cada quen na lingua, o modo en que aprendeu, a súa experiencia anterior, etc.

A avaliación dos coñecementos previos pódese realizar antes de comezar cada unidade pedíndolles aos alumnos que adiviñen de que tratan, a partir do título e as fotografías ou ilustracións.

Tamén se debe avaliar o progreso dos alumnos nun período de tempo, é dicir, facer unha **avaliación formativa**. Se un alumno que ten un nivel baixo ve como progresa e que o seu esforzo é tido en conta a pesar de non chegar ao aprobado, sentirase máis motivado a continuar traballando para tratar de conseguilo. Isto faise aínda máis patente nas clases heteroxéneas onde os alumnos de máis baixo nivel sempre obteñen notas baixas, especialmente se son constantemente comparados con alumnos máis avantaxados. Se a nota final inclúe un compoñente de progreso, será un factor especialmente motivador.

As **ferramentas de avaliación formativa** poden ser as tarefas, o traballo en parellas e en grupos, o caderno, o progreso en *listening, speaking, reading e writing*.

Tamén se poden utilizar os tests de cada unidade para observar como progresan entre unha unidade e a seguinte e tamén para avaliar a súa actitude ante a lingua.

**A autoavaliación**

A autoavaliación é un bo modo de que o alumno sexa consciente tanto do seu progreso coma das súas carencias ou necesidades, contribuíndo así a desenvolver a súa autonomía e a responsabilidade da súa aprendizaxe. En todos os métodos empregados se inclúen os cadros tipo"*Check yourself*!" ou "*Check Your Progress"* e seccións " *Self-Evaluation",* para que poñan en práctica o vocabulario, a gramática, as destrezas de escritura, e de tradución dunhas frases á lingua propia, co fin de poder avaliar o seu progreso. Tamén é aconsellábel que se autoavalíen noutros aspectos importantes da súa aprendizaxe como son os proxectos, as actividades de *listening*, o seu grao de cumprimento das normas e calquera outro aspecto que se considere importante.

O alumnado será avaliado cunha nota numérica antes das vacacións de Nadal, antes das vacacións de Semana Santa e a principios de xuña e disporá ademais dunha convocatoria extraordinaria en xuño. Os instrumentos para a avaliación consistirán nunha serie de probas obxectivas onde se evaluarán a adquisición das catro destrezas (comprensión e produción, oral e escrita respectivamente) por parte do alumnado. Falamos de exercicios de gramática e vocabulario, exercicios de writing (redacción), exercicios de reading (interpretación de textos), exercicios de listening (interpretación de mensaxes orais) e exercicios de speaking (producción de mensaxes orais).
Ademais destas probas obxectivas, ao longo do curso prestaráselle atención ao traballo persoal do alumno, á súa interrelación cos compañeiros, tanto en parella como en grupo, ás exposicións orais, etc.

## D.3.1) DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR

A **Avaliación inicial** permite valorar os coñecementos de inglés que ten os alumnado. Aínda que é unha práctica habitual facerlles aos alumnos un test de diagnóstico nada máis empezado o curso, normalmente utilizando as follas que a ese respecto traen os libros de recurso do profesor, pensamos que o máis importante é lograr que tódolos alumnos se sintan integrados na clase e no grupo, e que é moi importante crear un clima de tranquilidade onde o alumno non se sinta "ameazado". Tamén teremos en conta os estragos que un verán sen tocar os libros causan na maioría dos rapaces, polo que dedicaremos as primeiras clases a repasar vocabulario e estructuras sinxelas por medio de sopas de letras, crucigramas e cancións. Unha vez establecidas as bases de o que vai ser o novo curso, procederemos, na segunda semana de clase, a facer esa proba diagnóstica que, nalgúns casos de alumnos sumamente inseguros, podemos facer pregunta a pregunta na propia clase e deixando que sexan eles mesmos os que se corrixan e se den de conta dos seus logros ou das súas carencias. É vital que o alumno entenda que esta proba non vai contar nada na súa avaliación numérica ao final do trimestre nin os resultados os van marcar como mellores ou peores. Porén, ao profesor pode servirlle de referencia para estar máis atento a aqueles alumnos que poidan precisar de medidas educativas especiais, como o Reforzo Educativo ou incluso a Adaptación Curricular Significativa. Se se dera algún caso de una avaliación inicial poco esclarecedora no tocante ás posibles medidas de reforzó a aplicar, esta complemetaríase cos resultados do primeiro exame feito nesta primeira avaliación, para ter una visión máis global do alumno.

A **Avaliación Inicial** basearase sobre todo no estudado nas Unidades de Introdución do método. Estas constitúen un repaso dos puntos máis importantes aprendidos o curso anterior. Cando se detecten serios problemas en resolver estos contidos, o profesor dará aos alumnos follas de consolidación e revisión destes materiais. Consideramos que se debe adicar o tempo necesario a este repaso, xa que forma os cimentos sobre os que se vai consolidar o novo curso.

## E) METODOLOXÍA DIDÁCTICA.-

O proxecto educativo da nosa materia e o correspondente material didáctico enmárcase nas directrices lexislativas da Área de Linguas estranxeiras o obxectivo curricular das cales non é ensinar unha lingua en si mesma, senón ensinar a comunicarse con ela mediante o seu uso, así como no establecido no Consello de Europa no marco de referencia común europeo para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, segundo o cal os alumnos deberán ser capaces de efectuar progresivas tarefas de comunicación para desenvolver gradualmente a competencia comunicativa nas devanditas linguas.
O método que empregamos ofrécelles aos alumnos uns contidos claramente estruturados que lles facilitarán a adquisición das competencias básicas que recolle a Ley de Educación. Xuntos, todos os compoñentes que empregamos constitúen un material coidadosamente graduado que permite atender á diversidade e ofrecer moitas posibilidades para practicar os novos coñecementos e capacidades adquiridas.

Ao finalizar a Educación Primaria, o alumnado debe ser quen de utilizar a lingua estranxeira para expresarse e interactuar oralmente e por escrito en situacións sinxelas e habituais. Na ESO continúase o proceso de aprendizaxe da Lingua Estranxeira, co obxectivo de que ao finalizar esta etapa consolidaran as destrezas produtivas e sexa capaces de manter unha interacción e facerse entender nun conxunto de situacións, como ofrecer e pedir explicacións persoais nun debate informal, expresar de forma comprensible a idea que se quere dar a entender, utilizar unha linguaxe ampla e sinxela para explicar o que se quere, comprender as ideas principais de textos en lingua estándar, aínda con pausas evidentes para realizar certa planificación gramatical e léxica. Así mesmo, ao finalizar a etapa, deberán saber enfrontarse de forma flexible a problemas cotiáns de comunicación oral e escrita, como participar en conversacións habituais, formular queixas, relatar experiencias ou plans, explicar algo ou pedir aclaracións. En definitiva, esta etapa debe supoñer un punto de partida sólido para continuar, de forma progresivamente autónoma, cunha aprendizaxe que ha de durar toda a vida.

Para lograr todos estos obxectivos é moi importante ter en conta o tipo de alumnado ao que nos enfrentamos. Cervantes é un centro que conta cun número moi reducido de alumnos dun entorno rural aillado, polo que consideramos que a flexibilidade é vital na nosa metodoloxía. Tendo en consideración ademais os intereses dos nenos/as e o feito de que a lingua estranxeira debe ser un medio máis que un fin en si mesma, consideramos importante o emprego dunha metodoloxía ecléctica e adaptable ás diferentes circunstancias dos alumnos e que permita traballar "topics" de actualidade que servan para conectar aos alumnos co mundo que lles rodea.

Desde o punto de vista funcional pódese considerar linguaxe unha actividade humana complexa mediante a cal se realizan 2 funcións básicas: a comunicación e a representación .

E importante destacar que a finalidade curricular desta área no é ensinar unha lingua estranxeira, senón ensinar a comunicarse en ela. O desenrolo da competencia comunicativa nunha lingua estranxeira implica o dominio dunha serie de competencias de orde diverso: Gramatical, sociolingüístico, discursivo, estratéxico e socio cultural.

A comunicación oral e escrita son destrezas esenciais en esta etapa obrigatoria e os dous bloques de contidos deben ser tratados conxuntamente. Sen embargo, faremos fincapé en aqueles principios que consideramos fundamentais en relación a cada un de eles:

Comunicación oral:

- A lingua inglesa debe converterse na lingua de comunicación durante a clase.
- É de vital importancia presentarlle aos alumnos actividades variadas que lles permitan mellorar súa comprensión oral en diferentes situacións comunicativas.
- No primeiro ciclo lle daremos maior importancia as palabras clave que axudan a entende-

las mensaxes globalmente , para que no segundo ciclo conseguir captar información máis especifica .

- As tarefas que se lles presenten aos alumnos tenderán que ser , nun principio , tarefas de prácticas moi controladas hasta chegar a tarefas menos controladas no último curso da ESO.

Comunicación escrita:

- Dado cos textos escritos non teñen o apoio dos xestos ou expresions , nin a posibilidade de preguntar para acceder máis fácilmente á comprensión da mensaxe , os alumnos necesitarán máis tempo para decodificalos.

- Os alumnos deben empezar a distingui-los diferentes tipos de texto como un apoio esencial para la comprensión.

- As prácticas de comprensión escrita deben centrarse tanto na lectura global como na lectura minuciosa

- Debemos darlle ós alumnos o tiempo suficiente para que en suas produccions escritas reflexionen sobre a coherencia e a cohesión dos textos.

- Resulta esencial realizar actividades centradas na atención al plan previo al escrito : formato, ortografía e a puntuación.

Como aspectos metodolóxicos intrínsecos o desarrollo da materia , destacamos os siguientes:

Axudar o alumno a descubri-la asignatura como un conxunto de coñecementos interrelacionados, de manera que non se fagan compartimentos estancos, si non que o alumno faga uso de todo lo aprendido no desarrollo do curso.

Conseguir no alumno un alto grado de implicación no proceso de aprendizaxe e auto corrección, que lle faga consciente e partícipe da sua evolución.

Volver continuamente sobre o xa estudiado, afondando na idea de continuidad na materia. Isto se conseguirá a través de exercicios tanto orais como escritos, formulación de preguntas sobre aspectos anteriores para repasar, reforzar e también ligarlo a coñecementos novos, afianzando o concepto de interrelación en toda a materia.

- Facer que o alumno, unha vez que se supoñe asimilada a materia, exprese coas suas propias palabras o aprendido, verbalice os conceptos . Esto lle axuda por un lado a clarificar sus ideas, e ao resto da clase e ó profesor lle da pautas sobre a evolución do aprendizaxe, lle da tamén pistas sobre a necesidade ou non das actividades de “feed back” dos diferentes conceptos.

## F) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.-

O material a empregar na clase está claramente marcado polo texto elexido en cada curso. A maiores, o Departamento empregará cantas fotocopias ou fichas considere necesarias. Estas follas poderán ser baixadas de internet, de recursos educativos online ou de temas de actualidade, así como de periódicos ou revistas. O obxectivo do emprego destes materiais a maiores é facer da lingua estranxeira un vínculo coa actualidade e o mundo real.

O método que imos empregar este curso é Teamwork, da editorial Burlington. Trátase dun método publicado recentemente pero que sigue o esquema do que empregamos ata o de agora, New Action. A razón deste cambio ten a súa base no feito de que New Action quedouse obsoleto. Aínda que os contidos gramaticais seguen a ser básicamente os mesmos, a forma de presentalos (o vocabulario, as lecturas, os personaxes públicos dos que se fala...) resultaba xa moi allea á realidade dos rapaces de hoxe.
Un aspecto que tivemos moi en conta á hora de facer o cambio do método a empregar foi

tratar de que non repercutise negativamente en modo algún na economía das familias. Por ello, o Departamento chegou a un acordo coa dirección polo que este departamento facilita a todo o alumnado, **de xeito gratuito**, o acceso ao libro dixital.
Todo o alumnado conta xa cun ordenador ca plataforma EDIXGAL, da que tamén se utilizan recursos na materia de inglés.

**O MÉTODO TEAMWORK**

Teamwork for ESO é un método coidadosamente estruturado que subministra aos alumnos/as as capacidades comunicativas en inglés necesarias para o século XXI, paso a paso. O método comprende un vocabulario e unha gramática sólidos, ademais de integrar habilidades a través de pequenas tarefas que desenvolvan todas as capacidades produtivas e permiten aos alumnos/as expresarse de maneira competente na lingua inglesa. Ademais, cobre todos os estándares requiridos de comprensión e produción oral e escrita. Así mesmo, integra contido interdisciplinar e cultural dunha maneira natural. Teamwork for ESO é compatíbel cos niveis A1/A2+ do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

No proceso de aprendizaxe dunha lingua estranxeira, aos alumnos/as preséntanselles numerosas oportunidades para desenvolver as súas competencias clave en diversas áreas. Teamwork for ESO facilita a adquisición das competencias clave tales como a competencia para aprender a aprender, competencia dixital, sentido de iniciativa e espírito emprendedor, e conciencia e expresións culturais.
Ademais, na páxina web de Burlington Books (www.burlingtonbooks.com) os alumnos/as atoparán o apartado Student's Zone, onde se atopan as gravacións en formato mp3 dos textos do Student's Book, así como os exercicios de comprensión oral coas súas transcricións e os ditados do Workbook.
Teamwork for ESO é un curso claramente estruturado que se centra paso a paso no desenvolvemento das competencias lingüísticas produtivas para unha comunicación efectiva. Achega o mundo real á aula da ESO para que os alumnos/as reflexionen, non deixen de estar motivados e se expresen en inglés de maneira sinxela e natural.

## F.1) MATERIAIS PARA 2º E 4º ESO

**Compoñentes do curso**

**PARA O/A ESTUDANTE:**

**Student's Book**

•Unha unidade introdutoria para repasar o vocabulario, a gramática e a linguaxe de clase.

•Nove unidades claramente estruturadas.

• Tres sección de repaso con exercicios de vocabulario e gramática.

• Contido cultural e interdisciplinar integrado nas actividades da

unidade.

- Énfase na aprendizaxe e a ampliación de vocabulario.
- Exercicios de comprensión e expresión orais frecuentes.
- Exercicios de expresión escrita coidadosamente estruturados.
- Unha páxina *Life Skills* en cada unidade, centrada na linguaxe funcional que se dá en situacións comunicativas da vida real.
- Contidos de *Interactive Classroom* integrados ao longo da unidade.
- Contidos de *Interactive Student* integrados ao longo da unidade.
- *Fast Finishers*, con actividades engadidas para repasar e practicar o vocabulario e a gramática.
- *Culture Quizzes* e *Videos*, unha sección cultural e interdisciplinar.
- Un proxecto colaborativo en cada unidade que inclúe unha actividade *Techno Option*.

- Un apéndice para traballar en parellas (*Pairwork Appendix*).
- Un apéndice de pronuncia con exercicios engadidos (*Pronunciation Appendix*).
- *Optional Grammar Extension*, con explicación e actividades para practicar puntos gramaticais engadidos.
- Listaxe de verbos irregulares.

***Interactive Student***

- *Flipped Classroom* con presentacións de vocabulario e animacións

gramaticais.

- Listaxes de palabras e actividades.
- *Extra Practice* (vocabulario e gramática).
- *Dialogue Builders*: práctica da linguaxe funcional mediante diálogos.
- *Techno Option* para os proxectos colaborativos.
- Vídeos (*Life Skills* e *Culture*).
- Audios do *Workbook*.

***WordApp***

- Práctica e consolidación de vocabulario a través de listaxes léxicas interactivas no teléfono móbil do alumno/a.

**Páxina web de *Teamwork for ESO* – Student's Zone**

Todas as gravacións dos textos do *Student's Book,* os exercicios de comprensión oral coas súas transcricións e os ditados en formato mp3.

## F.2) OUTROS MATERIAIS COMÚNS A TODOS OS GRUPOS

Ademáis da plataforma EDIXGAL, a aula virtual do noso centro é unha ferramenta de gran utilidade, xa que nela subimos moitos recursos, enlaces a youtube, actividades feitas na clase para os alumnos que desexen repetilas, xogos, etc.

## G) CRITERIOS DE AVALIACIÓN .-

Ademais dos Criterios de Avaliación establecidos pola LOMCE e que poden ser atopados na programación específica de cada curso, queremos insistir en que a avaliación será continua. Isto quere dicir que a materia dada nunha avaliación pode voltar ser obxecto de exame noutra avaliación posterior, algo que a propia dinámica da área fai lóxico e necesario. Tamén queremos deixar moi claro que para aprobar a materia é imprescindible ter aprobada a última avaliación, non facéndose media matemática se esta está suspensa.

## G.1) CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN 2º ESO

1. Comprender a idea xeral e informacións específicas de mensaxes orais emitidas cara a cara ou procedentes de distintos medios audiovisuais, sobre temas coñecidos.

2. Participar con progresiva autonomía en conversas e simulacións relativas ás experiencias persoais, plans e proxectos, empregando estruturas sinxelas, as expresións máis usuais de relación social, e unha pronuncia axeitada para conseguir a comunicación.

3. Comprender a información xeral e a específica de diferentes textos escritos, auténticos e adaptados de extensión variada e axeitados á súa idade, demostrando a comprensión mediante unha actividade específica.

4. Redactar de xeito guiado textos diversos en diferentes soportes, empregando estruturas, conectores sinxelos e léxico adecuados, coidando os aspectos formais e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación para que sexan comprensibles ao lector e presenten unha corrección aceptable para a comunicación.
5. Utilizar os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira, en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autoaprendizaxe e de autocorrección das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas.

6. Identificar, utilizar algunhas estratexias básicas utilizadas para progresar na aprendizaxe.

7. Usar de xeito guiado as tecnoloxías da información e a comunicación para buscar información, producir textos a partir de modelos e para establecer relacións persoais

mostrando interese polo seu uso.

8. Identificar e poñer exemplos dalgúns aspectos sociais, culturais, históricos, xeográficos ou literarios propios de países onde se fala a lingua estranxeira e amosar interese por coñecelos.

9. Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lengua estranxeira en estudo.

## G.2) CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN 4º ESO

1. Comprender a idea principal e os detalles máis relevantes de mensaxes orais emitidas en situacións de comunicación interpersoal ou polos medios audiovisuais, sobre temas que non exixan coñecementos especializados.
2. Participar en conversas e simulacións utilizando estratexias axeitadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, producindo un discurso comprensible e adaptado ás características da situación e á intención comunicativa.

3. Comprender a información xeral e específica de diversos textos escritos auténticos e adaptados e de extensión variada, identificando datos, opinións, argumentos, informacións implícitas e intención comunicativa do autor.

4. Redactar con certa autonomía textos diversos cunha estrutura lóxica, utilizando as convencións básicas propias de cada xénero, o léxico apropiado ao contexto e os elementos necesarios de cohesión e coherencia, de maneira que sexan facilmente comprensibles para o lector.

5. Utilizar de forma consciente os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lengua estranxeira en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autocorrección e de autoavaliación das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas.

6. Identificar, utilizar e explicar estratexias utilizadas, poñer exemplos doutras posibles e decidir sobre as máis axeitadas ao obxectivo da aprendizaxe.

7. Usar as tecnoloxías da información e a comunicación con certa autonomía para buscar información, producir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e para establecer relacións persoais orais e escritas, mostrando interese polo seu uso.

8. Identificar e describir os aspectos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira e establecer algunhas relacións entre as características máis significativas dos costumes, usos, actitudes e valores da sociedade falante da linguaen estudo e a propia, e amosar respecto cara a elas.

9. Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira en estudo.

## H) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.-

Para acadar unha cualificación positiva na materia de Inglés, queremos recalcar que non só se valorarán os resultados dos exames senón que se terán en conta outros aspectos da educación do alumnado, tales coma a participación en tarefas e actividades da clase, o esforzo e avance nas distintas destrezas, o cumprimento das tarefas encomendadas, etc.

En principio, as probas obxectivas, é dicir, os exames, determinarán a nota final sempre que o alumnado teña unha **avaliación positiva** nos seguintes apartados:

-Traballo e participación activa na clase nas distintas actividades relacionadas coas catro destrezas da lingua.
-Cumprimento das tarefas para facer tanto na clase como na casa, que deberán estar correctamente arquivadas na carpeta para esta materia.
- Entrega dos traballos propostos e dentro das datas marcadas.
- Lectura dos libros adaptados propostos polo profesor de ser o caso.
- Actitude de respecto hacia compañeiros, profesorado, instalacións e a propia materia, o que inclúe traer a clase os materiais necesarios para o correcto desenvolvemento da lección: wo carpeta, fotocopias, ordenador coa baetría cargada, etc.

Este Departamento quere deixar constancia nesta Programación de que non se fará media ponderada se algún destes apartados é calificado cun cero.
Por outra banda, aínda que os apartados mencionados son de obrigado cumprimento, o profesor poderá valorar positivamente aqueles traballos, participacións ou actitudes dos alumnos que amosen un esforzo claramente superior ao esixido poidendo engadir ata un 10% da nota obtida no exame na calificación final da avaliación.

Ademais, polo que respecta aos exames, faranse probas que englobarán contidos de tipo máis teórico (gramática) e contidos de tipo máis práctico (destrezas de listening, reading comprehension, writing, speaking). Valorándose tamén a participación diaria.

O Departamento tamén se reserva a facultade de establecer determinadas actividades como obligatorias (asistencia a un acto determinado, elaboración dun proyecto estipulado, entrega de traballos escritos, etc.) A falla de entrega o participación non xustificada suporá unha penalización nas cualificacións dese trimestre.

Faranse polo menos dous exames por avaliación, de xeito que os alumnos teñan constancia do seu progreso e poidan corrixir aquelas carencias antes de que sexa moi tarde.

Porén, este Departamento quere deixar constancia da súa vontade de ter en conta todas as circunstancias persoais e familiares de cada alumno/a, xa que temos que ter moi presente que estamos a traballar con persoas e non con estatísticas, especialmente nun centro como o noso onde hai alumnado con dificultades.
No apartado das recuperacións, agás casos excepcionais, non se farán exames de recuperación ao remate de cada avaliación, agás na terceira, sendo o aprobado na segunda e/ou na terceira a forma de recuperar as avaliacións anteriores que estivesen suspensas.

Polo que respecta á obtención da nota final, farase unha media ponderada entre as tres avaliacións: a 1ª e 2º avaliación contarán un 20% cada unha e a 3ª un 60%.

Nalgúns casos, aqueles alumnos/as que traballaron duramente pero non foron capaces de superar a materia, se o profesor estima que é máis productivo para eles realizar un traballo continuo e non depender soamente dun exame, ofreceráselles a posibilidade de facer unha serie de actividades extra, que deberán entregar o día da proba ordinaria e que serán debidamente valoradas. Esta opción queda supeditada ao criterio do profesor, que é quen coñece realmente aos alumnos. Estamos a falar dese tipo de alumnos traballadores pero que quedan en branco ante un exame, por poñer un exemplo.

### H.1) PROMOCIÓN

En canto á promoción do noso alumnado, hai que remitirse ao Artigo 23 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño onde, no punto 1, se especifica que: "As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes." Polo tanto, chegado o momento, na xunta da avaliación final tomaranse as decisións oportunas de cara a promocionar algún alumno ou alumna que non cumpra os requisitos de promoción.

## I) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.-

Ao ser esta unha materia de lingua estranxeira, o obxectivo fundamental é fornecer ao alumnado de instrumentos que faciliten e amplíen as súas capacidades comunicativas ao tempo que se contribúe á consolidación das restantes competencias clave.

Na medida en que os resultados dos alumnos e alumnas sexan óptimos significará que os obxectivos foron conseguidos e a iso contribuíu a proposta didáctica que aquí se presenta.

En caso contrario, iranse axustando aqueles aspectos que sexan precisos, sen esquecer que hai que acadar uns obxectivos mínimos. As variacións poderían darse en metodoloxía, temporalización, propostas de traballo ou calquera que sexa o máis axeitado modificar para lograr achegármonos ao obxectivo único, a comunicación e o respecto.

Os resultados acadados polos alumnos ao remate do ano académico servirannos de baremo para calibrar o éxito ou fracaso da nosa proposta didáctica. Un elevado número de suspensos indicaría que é preciso mellorar o noso enfoque, sempre mantendo uns contidos mínimos.
Teremos en conta as características deste centro, con un reducido número de alumnos e cun baixo nivel económico de moitas das familias, que fai que estes alumnos "xoguen" con desvantaxe con respecto a outros.

## J) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.-

<u>A capacidade para aprender a aprender</u>

Cada alumno ten a súa propia capacidade para aprender cousas e para retelas, sen que iso sexa sinónimo da súa capacidade intelectual, e todos os alumnos poden alcanzar un nivel mínimo, independentemente do ritmo de traballo que poida ter cada quen. Así o reflicten as actividades do *Student's Book* e do *Workbook*, xa que, a través dunha reciclaxe continua de

estruturas e de vocabulario, por unha banda ofrecen amplas oportunidades de reforzo aos alumnos con menos capacidade e por outra facilitan a ampliación da materia para os que teñen máis nivel.

A motivación para aprender

A motivación do alumno para aprender é moi complexa, sobre todo tratándose dun idioma, xa que depende de varios factores: por unha banda, do historial de éxito ou de fracaso que teña ata ese momento e, por outra banda, do proceso de aprendizaxe seguido. Isto influirá notabelmente, tanto no nivel de motivacións individuais, coma na forma máis lóxica e funcional de presentarlles todos os contidos. Por iso, incluímos de modo frecuente o uso de material real como pode ser o atopado na rede.

Os estilos de aprendizaxe

Existen moitos tipos de investigacións sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma.

Algúns alumnos poden reaccionar moi rapidamente e non obstante necesitar varios intentos para asimilaren unha idea, mentres que outros poden traballar máis a conciencia e aprender máis amodo, conseguindo o mesmo resultado. Este factor foi tido en conta dun modo sistemático.

Ao final das unidades de repaso do *Student's Books* poden facer proxectos guiados para practicaren o vocabulario e as estruturas aprendidas, coas instrucións detalladas no *Workbooks* e o material de apoio necesario para realizaren presentacións orais na clase. O uso de murais nas clases tamén serven de estímulo para aqueles alumnos que non destacan tanto no aspecto intelectual pero son bos no plástico.

Os intereses dos alumnos

Os intereses dos alumnos varían moito duns a outros. Por iso traballamos unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría.
Hai actividades graduadas de menor a maior dificultade e de maior a menor control, tanto no *Student's Book* de **Teamwork**, coma na plataforma EDIXGAL

Por último, traballamos tamén follas de festividades co fin de enriquecer os coñecementos culturais dos alumnos e, ao mesmo tempo, aumentar o seu vocabulario e mellorar as súas destrezas de lectura e de escritura.

Non obstante, este Departamento quere subliñar que non sempre se pode prestar a atención que nos gustaría a algúns rapaces determinados e que precisan unha axuda persoal e continua para poder progresar. Todo aquel que teña traballado con rapaces nun aula sabe que as cousas son máis fáciles sobre o papel que na realidade.

Este ano está contemplada una hora de reforzo educativo, nas materias e cursos que fose necesario, nos horarios de todo o profesorado.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

O feito de que a nosa sexa unha materia progresiva implica que os contidos aparecen de forma cíclica, repetíndose unha e outra vez. Iso dalles aos alumnos a oportunidade de acadar os obxectivos ó seu ritmo. Ademáis, disponemos de actividades de reforzo e ampliación fotocopiables, que lles serán dadas a todos aqueles alumnos que as necesiten. Queremos destacar, ademais, a utilización dos propios exames como forma de aprendizaxe, xa que son unha ferramenta ideal para que os alumnos vexan e sexan conscientes dos seus propios erros.

Ademais, Teamwork conta con **Interactive Classes**, nas que os exercicios online van variando no tempo, o que permite ao alumnado repasar varias veces o mesmo tema sen caer na repetición.

## K) CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.-

Elementos transversais, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, son intrínsecos á natureza da materia de Lingua Inglesa e trabállanse ao longo de todo o curso nas distintas actividades propostas e en diferentes lecturas.

Ademais, a materia contribúe á educación na tolerancia e no respecto cando se fomentan as bondades do plurilingüismo ou se insta a evitar prexuízos e fuxir de estereotipos. Outros elementos transversais relacionados coa violencia de xénero ou de calquera outro tipo será tratados a partir de comentarios sobre noticias de actualidade.

Tamén en colaboración con outros departamentos, se participará en celebracións varias, como o Nadal, o Día da Paz, o Día do Libro, o Día de Planeta, etc. e en calquera outra conmemoración que axude a formar cidadáns e cidadás autónomos, creativos, con sentido crítico, tolerantes e solidarios.

O método permite traballar a coeducación e a non discriminación sexual. Acostumar ao alumno ao traballo en grupo, unindo capacidades e intereses, estimulando o diálogo, valorando a responsabilidade individual e a solidariedade, axudando na toma de decisións colectivas, orientando as confrontacións.

Permite así mesmo suscitar as argumentacións razoadas, a convivencia, o respecto aos demais, a non discriminación sexual, relixiosa ou étnica. Crear un ambiente de colaboración, de distribución das tarefas e responsabilidades, de identificación coa cultura propia, de respecto ao patrimonio natural e cultural propio e o dos demais. Desenrolar o espírito de cidadanía e centrarse nun proceso mental de resolución de problemas.

A continuación propoñemos unha serie de reflexións para traballar ao longo do curso:

### K.1) VALORES PARA 2º ESO

**PRIMEIRO TRIMESTRE**

· Educación moral e cívica, educación sobre Europa, Educación para a paz : -

Respecto por outras formas de ensino noutros países.

- *C*oñecemento das orixes e desenvolvemento da escritura en diferentes países e épocas históricas.
- *C*uriosidade e respecto polos sistemas de ensino noutros países.
- Actitude construtiva e solidaria ante a información que se presenta e ante as interaccións na aula.

· Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos dados.
- Recursos de organización á hora de presentar un traballo escrito.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

· Educación para a cidadanía e os dereitos humanos:

- As relacións interpersoais no ámbito escolar.
- Respecto polas preferencias dos demais.

· Coñecemento e interacción co mundo físico:

- Os diferentes espazos na cidade e o que se fai en cada un deles.

· Tratamento da información e competencia dixital (educación do consumidor): -
O blog como medio de comunicación.

**SEGUNDO TRIMESTRE**

· Coñecemento e interacción co mundo físico (educación ambiental): -
As diferentes estancias dun castelo medieval.

· Educación moral e cívica:

- Interese por saber o que fixo a xente no pasado.
- Actitude construtiva e solidaria ante a información que se presenta e ante as interaccións na aula.
- Respecto polos costumes, relacionados coa comida noutros países .
- Respecto polos gustos e preferencias dos demais á hora para comer e de preparar festas.

· Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos dados.
- Recursos de organización á hora de presentar un traballo escrito.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

· Coñecemento e interacción co mundo físico (educación para a saúde): - As
condicións meteorolóxicas e os seus efectos sobre o ser humano. - O
contacto do home cos alimentos.

· Educación para a paz:

- Valoración da importancia de ofrecer axuda ante unha urxencia.
- Actitude construtiva e solidaria ante a información que se presenta e ante as interaccións na aula.

· Educación para a cidadanía e os dereitos humanos:

- Reflexión sobre os traballadores de equipos de rescate.

**TERCEIRO TRIMESTRE**

· Educación social e cidadá:

- Respecto polo ambiente e as especies animais.
- Respecto pola elección de mascotas dos demais.
- Actitude construtiva e solidaria ante a información que se presenta e ante as interaccións na aula.

· Educación moral e cívica:

- Tolerancia e respecto polas intencións e os plans de vacacións das persoas. - Interese polo estilo de vida doutras comunidades.
- Interese pola riqueza cultural e natural e polas actividades que se poden realizar en distintos países africanos.

· Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos dados.
- Recursos de organización á hora de presentar un traballo escrito.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.
-

· Educación para a paz e educación moral e cívica:

- Valoración do labor realizado en cada profesión.
- Respecto polos desexos e as preferencias dos demais en canto ao seu futuro persoal e profesional.

· Educación da cidadanía e os dereitos humanos:

- Incorporación da muller a profesións tradicionalmente desempeñadas por homes.
- O traballo dos voluntarios.

## K.2) VALORES PARA 4º ESO

**PRIMER TRIMESTRE**

· Educación social e cidadá:

- Coñecemento das formas reguladas de comunicación en inglés para utilizalas en situacións de comunicación adecuadas ao contorno escolar.
- Respecto polo uso da linguaxe apropiada na clase; importancia dunha actitude respectuosa cara ao profesor/a, aos compañeiros/as e ás rutinas da clase. -

Respecto das quendas para tomar a palabra e das rutinas da clase.

- Coñecemento do problema derivado da excesiva acumulación de residuos. - Respecto polas normas de conduta na clase, en interaccións co profesor ou cos compañeiros.
- Interese polos problemas relacionados coa conservación do contorno e do ambiente.
- Interese polos roubos de obras de arte ao longo da historia.
- Interese polo mundo da arte, os autores famosos e a historia da arte en xeral.

· Autonomía e iniciativa persoal:
- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos orais, a partir de modelos dados.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.
- Selección e uso da información e das súas fontes para ser unha persoa autónoma, eficaz e responsábel.

· Educación para o consumidor:
- Reflexión ao seleccionar e facer uso da información e das súas fontes: actitude crítica ante a información.
- Obras plásticas famosas.
- Uso dos teléfonos móbiles para a escritura de pequenos relatos.

· Educación para aprender a aprender:
- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.

· Autonomía e iniciativa persoal:
- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais, a partir de modelos dados.
- Recursos de organización á hora de presentar un traballo escrito.
- Desenvolver un proxecto individual con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

· Ética:
- Reflexión sobre o apartheid, o racismo e a discriminación.

**SEGUNDO TRIMESTRE**

· Educación social e cidadá:
- Recoñecemento e valoración crítica das achegas da innovación tecnolóxica nos ámbitos de benestar, saúde e calidade de vida.
- Curiosidade e respecto cara aos novos inventos.
- A importancia dos descubrimentos no desenvolvemento das ciencias médicas. -

valoración dos novos métodos de obtención de auga en contornos difíciles e das teorías sobre o cambio climático e o quecemento global.

- Actitude construtiva e solidaria ante a información que se presenta e ante as interaccións na aula.

· Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais, a partir de modelos dados.
- Recursos de organización á hora de presentar un traballo escrito.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

· Ética:

- Reflexión sobre a posíbel convivencia de robots e humanos nun futuro.
- Reflexión crítica sobre a necesidade de respectar o contorno ambiental.

· Coñecemento e interacción co mundo físico:

- Valoración dos novos descubrimentos en relación coa obtención de recursos naturais, como a auga, e valoración das teorías do quecemento global e do cambio climático.

· Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais, a partir de modelos dados.
- Recursos de organización á hora de presentar un traballo escrito.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

· Educación para a paz:

- Interese por algunhas das competicións deportivas máis insólitas do mundo. - respecto e interese polos distintos tipos de competicións deportivas. - Interese polos modos innovadores de trato aos presos nos cárceres de EEUU. - Mostrar respecto e interese polos distintos modos de abordar o control dos presos nos cárceres.

· Educación para o consumidor:

- Mostrar de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar e facer uso da información e das súas fontes.

▪ Educación para a saúde:

- Valoración dos efectos que, para as condicións de saúde e de calidade de vida, ten a práctica habitual de actividades deportivas.

▪ Educación moral e cívica:

- Tolerancia e respecto ante a toma de decisións doutras persoas segundo unhas situacións en concreto.

**TERCEIRO TRIMESTRE**

· Educación para a paz:

- Interese polos efectos e posíbeis solucións a un trastorno da lectura como a dislexia.
- Respecto polas persoas que padecen algún trastorno de lectura como a dislexia. - Interese polo nivel de intelixencia dos distintos animais
- Valoración dos estudos sobre a intelixencia dos animais.
- Actitude de respecto por distintas opinións e actitudes ante o fenómeno da tecnoloxía aplicada á vida diaria

· Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais, a partir de modelos dados.
- Recursos de organización á hora de presentar un traballo escrito.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

· Educación social e cidadá:

- Interese por coñecer datos sobre outros países e sobre os seus accidentes xeográficos.

· Competencia social e cidadá:

- Valoración da vida e logros dos grandes exploradores da historia.
- Valoración dos logros de Charles Darwin, pai da Teoría da Evolución.

· Autonomía e iniciativa persoal:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais, a partir de modelos dados.
- Recursos de organización á hora de presentar un traballo escrito.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

· Ética:

- Reflexión sobre o afán de superación en situacións difíciles.
- Reflexión sobre o uso dos teléfonos móbiles: conectividade ou illamento:

## L) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.-

Aínda que en cada unidade programada xa se inclúen os temas transversais e interdisciplinarios suxeridos polo propio método empregado, algunhas actividades extraescolares, complementarias e celebracións realizadas habitualmente polo Departamento pódense tratar tamén como temas transversais ou interdisciplinares.

- Programación de festividades:
  Os principais obxectivos deste tipo de actividades son: Potenciar a integración na clase , e no centro. Fomenta-la convivencia e relacións sociais, a cooperación e complementariedade entre os alumnos e fomentar o coñecemento das culturas populares. O departamento de inglés participa: Festa do Magosto, Festa do Nadal, Festa do Entroido, Festival de fin de curso.
- Colaboración coa revista do centro "Cervantes".
- Colaboración cos proyectos do centro:
  Proxecto lector
  Proxecto interdisciplinar.
  Proyecto Lingüístico.
  Plan Proxecta
  Biblioteca
  Radio escolar
  Colaboracion co concello na conmemoración do día do libro.
- Actividades propias da materia de Inglés:
  Celebración de Halloween, na que se traballa sobre a súa historia e orixe celta,comparándoo co Samaín.
  Celebración de festas tradicionais da cultura anglosaxona, como Thanksgiving Day, etc., con exposición de pósters ilustrativos feitos polo alumnado de todos os cursos e traballando lecturas e fichas sobre esas datas.
  St Patrick's Day: busca en internet da súa biografía, orixe da tradición, webquests, decoración do vestíbulo, etc. e, sobre todo, inténtaráse a celebración dun obradoiro de Tap Dancing para todos os alumnos impartido pola profesora Hannah Tess.(Se temos o orzamento necesario).
  Proxeccións de películas e curtos.
  Música actual en inglés.
  Sketches en ingles.
- Conmemoracións
  O departamento de inglés dedica tempo de análise , realizando actividades normais de aula para informar, motivar a reflexión e espertar a solidariedade cas distintas problemáticas de interese xeral.
  Participación nas actividades do Mes do Libro organizadas pola biblioteca. Unha posibilidade de lectura conxunta na aula.
  Ademais, para informar, motivar a reflexión e espertar a solidariedade arredor de problemáticas de interese xeral, o departamento de Inglés dedicará tempo de análise e comparación intercultural, realizando actividades normais de aula que traten esas problemáticas globais e colaborando con outras áreas do centro en actividades extraordinarias que coincidan coas datas aproximadas. Un exemplo sería:

  30 de xaneiro: Día escolar da non-violencia e a paz
  8 de marzo: Día internacional da muller traballadora
  22 de abril: Día mundial do planeta
  23 de abril: Día do libro

## M) MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.-

Para autoavaliar a práctica docente desempeñada na execución desta programación, proponse o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto. Realizarase ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no

seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

| **Aspectos a avaliar** | **A destacar...** | **A mellorar...** | **Propostas de mellora** |
|---|---|---|---|
| Temporalización dos estándares de aprendizaxe | | | |
| Desenvolvemento dos obxectivos didácticos | | | |
| Manexo dos contidos da unidade | | | |
| Realización de tarefas | | | |
| Estratexias metodolóxicas seleccionadas | | | |
| Recursos | | | |
| Claridade nos criterios de avaliación | | | |
| Uso das diversas ferramentas de avaliación | | | |
| Atención á diversidade | | | |
| Transversalidade | | | |

## N) ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTOR LECTOR, AO PLAN TIC E AO PLAN DE CONVIVENCIA.-

### N.1) PROXECTO LECTOR

Ó tratarse dunha lingua a lectura está presente en todo-los cursos e en todas-las munidades, de feito entre os obxectivos da materia figura un especificamente relacionado coa lectura: Ler e comprender textos diversos dun nivel axeitados ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica , e utilizar a lectura como fonte de pracer e enrequecemento persoal.

Este curso non haberá libros de lectura obrigada, recomendarase ler un libro de lectura por curso, dependendo da marcha do curso.

O seminario de inglés participa no plan lector do centro e conta cunha biblioteca itinerante de prestamos de libros. Lévanse as diferantes aulas da ESO os libros, para que cada alumno, escolla aqueles que máis lle interesen o longo do curso.
A nosa materia préstase especialmente ó fomento do Plan Lector do centro, xa que a lectura é unha das formas principais de aprendizaxe dunha lingua estranxeira. Ademais das lectura que veñen no libro de texto, traballaremos con diferentes textos escritos na lingua inglesa: periódicos e revistas, folletos de instrucións, textos baixados de Internet, etc.
A maiores, traballaranse ao longo do curso lecturas graduadas de Burlington de recente adquisición do departamento para tódolos cursos a partires de 2º, que se lle emprestarán ao alumnado. Tamén será posible traballar de forma individual as diferentes noveliñas coas que contamos na Biblioteca ou no Departamento.

**N.2) PLAN TIC**

O departamento de inglés procura levar a cabo un plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación que tanto axudan ó cambio metodolóxico na ensinanza deste idioma.
- Neste momento o centro dispón de ordenadores para todo-los alumnos na "Aula de Informatica".
Animarase a todo os alumnos a utilización da aula virtual do centro.
- Empregarase as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades da aula: programacións, proxectos, explicacións etc. Desde a redacción dos exames, á preparación de diferentes actividades para as clases, as tecnoloxías da información e a comunicación son xa unha parte esencial do traballo do profesorado.
Permitirase o alumnado a presentación dos traballos, redaccións... tanto en papel como en formato dixital e incluso vía e-mail.
A ensinanza da lingua inglesa beneficiase moitísimo do uso das TICs, xa que esta é a lingua franca no mundo da comunicación. Resaltaremos en especial as seguintes actividades que intentaremos levar a cabo:
- Visionado de películas de DVD xogando coa selección de idiomas e subtítulos acordes ó nivel dos alumnos. Por desgraza, salvo películas adquiridas expresamente para a súa proxección nas aulas, teremos que ter moito cuidado de non infrinxira normativa sobre dereitos de autor.
- Búsqueda de biografías de personaxes famosos elixidos polos alumnos.
- Recheo dos ocos na letra dunha canción que se lles entrega ós alumnos incompleta. - Activades gramaticais on line.
- Reforzase o vocabulario e as estruturas aprendidas a través de xogos.
- Emprego das actividades on-line propostas pola editorial Burlington, segundo o nivel,
- Emprego das actividades on-line propostas pola editorial Burlington para cada unha das lecturas que elixamos.
- Visionado dos vídeos que o método ten disponibles en diversos niveis.
- Webquests.
- Búsqueda de información sobre un tema determinado para expoñer diante dos compañeiros.
- Uso da Aula Virtual.
- Outros xogos online para a aprendizaxe da lingua.

Este curso o centro integrouse na plataforma educativa Edixgal para toda a ESO e todo o alumnado de secundaria está dotado dun ordenador persoal.
Por outra banda, está en pleno funzonamento a Aula Virtual, a través da páxina web do instituto, donde os alumnos poden voltar a ver os materias empregados na clase, especialmente vídeos, cancións, curtometraxes...

**N.3) PLAN DE CONVIVENCIA**

**Primeira avaliación:**

A actividade que se pode encadrar no marco doa convivencia é a celebrada o 31 de outubro, o Halloween, onde estudamos as similitudes e diferencias entre o Samain galego e o Halloween anglosaxón. Os alumnos len sobre as orixes desta festa celta e decoran o centro
O cuarto xoves de novembro falaremos e faremos actividades sobre o Día de Acción de Gracias, tocando temas coma a integración, a emigración, a tolerancia, a axuda ao feble, etc.

**Segunda avaliación:**

As dúas actividades máis relevantes serán o **Día da Paz e Non Violencia** e o **Día de San Valentín.**

O 30 de xaneiro celebraremos a primeira destas conmemoracións. O alumnado fará murais e pombas da paz con mensaxes que reproduzan citas de personaxes famosos sobre este tema. De non ser posible a elaboración de murais, faránno no seu propio folio de papel. Tamén lerán biografías de personaxes representativos como Martin Luther King, Mother Teresa, Gandhi, etc, e escoitarán cancións de John Lennon.

En canto o **Día de San Valentín**, celebraremos o tradicional intercambio de tarxetas e manualidades referidas ó amor. Tamén traballaremos textos nas clases sobre esta festividad, facendo especial fincapé no feito de que na cultura anglosaxona este día do amor ten connotacións máis amplas que no noso país, xa que se poden enviar tarxetas entre familiares, amigos, persoas do mesmo sexo, etc.

**Terceira avaliación:**

O **Día do Planeta** celebrarase o 22 de abril, e por medio da canción “Earth Song”, de Michael Jackson, introducimos o tema do medio ambiente e a contaminación, non só das grandes fábricas, senón tamén da que facemos nos mesmos, tras un día de praia, picnic, botellón, etc.

Para a Maratón de Lectura con motivo do **Día do Libro** os alumns escollerán os textos que desexen ler e investigarán sobre a vida e obra de diferentes autores.

Se alguhna das datas antes mencionadas caese en día non lectivo, a actividade tratarase de facer de igual xeito, simplemete trasladándoa ás datas máis próximas.

## Ñ) CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS.-

Os pais e os alumnos son informados nas primeiras xuntanzas cos titores de que cada Departamento ten a súa disposición os contidos mínimos esixibles. Ademais, estes contidos poden ser consultados online na páxina web do instituto.

Consideramos que o alumno/a ten dereito a revisar o seu exame unha vez corrixido polo profesor, xa que entendemos que o exame é non so unha forma de avaliación, senón tamén unha ferramenta de aprendizaxe.

Polo que respecta ás familias, a profesora do Departamento de Inglés dispón no seu horario dunha hora semanal adicada a atender todas as consultas que desexen facernos. Naturalmente, sen esquecer a labor dos titores de cada grupo, que serán informados puntualmente de calquera incidencia para que a transmitan ás familias.

Ademais, está operativo tamén un correo electrónico e un WhatsApp nos que o alumnado pode comunicarse ca profesora cando o precise.

## O) INCORPORACIÓN DAS MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR.-

Como xa mencionamos noutras partes desta programación, consideramos a nosa materia como un vehículo no que tocar diferentes temas; por esta razón, moitas veces da a impresión de que improvisamos os temas a tratar. O que en realidade facemos é aproveitar todas aquelas noticias relevantes que van sucedendo ao longo do curso para espertar o interese do alumno e facerlle así empregar a lingua estranxeira sen que estea pendente da corrección gramatical senón da comunicación.

Os pasamentos de personaxes do mundo do cine, a música ou os deportes; as vodas de famosos; os divorcios; os éxitos musicais ou cinematográficos,a concesión de premios, coma o Nobel, etc, todo iso é material do que nos nutrimos para facer as clases máis dinámicas e que, obviamente, é imposible coñecer de antemán.

Estamos a falar, por suposto, non dos temas de gramática ou estruturas, que temos claramente marcados, senon dos materiais reais nos que os alumnos van a atopar eses contidos.

## P) TRATAMENTO LINGÜÍSTICO DA MATERIA DE INGLÉS.-

Na materia de inglés sempre que as explicacions nas clases, os traballos dos alumnnos , etc….. non poidan ser realizados en inglés, faranse tanto en galego como en castelan.

Tratarase de falar o mais que se poida en inglés, de maneira progresiva ata chegar en 4º a dar a clase íntegramente en inglés.